

ABRIL 2018
REFLEXIÓNS DENDE A ALDEA

**ABRIL
02** **KINI ET ADAMS**
(KINI E ADAMS) de IDRISSE OUEDRAOGO
BURKINA FASSO 1997; 97' V.O.S.C.

**ABRIL
09** **NEBESNYY VERBLYUD**
(CELESTIAL CAMEL) de YURIY FETING
RUSIA 2015; 90' V.O.S.C.

**ABRIL
16** **THANK YOU FOR THE RAIN**
(GRAZAS POLA CHOIVA) de JULIA DAHR
NORUEGA 2017; 90' V.O.S.C.

**ABRIL
23** **GAAV**
(A VACA) de DARIUSH MEHRJU
IRÁN 1967; 105' V.O.S.C.

**ABRIL
30** **FILME SORPRESA**

AUDITORIO MUNICIPAL DE VIGO: PRAZA DO REI
ÁS 20:30 HORAS

Colaboran:

CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN DE GALICIA DE CINECLUBS

REFLEXIÓNS DENDE A ALDEA

Aínda que a sociedade rural e os principios esenciais que a sustentan teñen mudado de xeito notable na segunda metade do século XX, a contorna rural segue contendo diversidades e singularidades cunha infinidade de prácticas e proxectos que emerxen e se consolidan nos contornos non urbanos.

Con este ciclo pretendemos facer un pequeno itinerario rural para coñecer os costumes e o xeito de vida nas diferentes latitudes. Unha ruta etnográfica na que amosar as diferenzas de clase en comunidades que tratan de preservar a propia identidade.

KINI ET ADAMS, filmada en Cimbabue, nunha inmensa rexión poboada por campesiños, dous mozos emprenden unha viaxe. Da viaxe, das súas consecuencias sobre as persoas, da dificultade de manter os lazos de amizade ante os cambios vitais, fala este filme, que propón unha análise sobre a natureza humana.

CELESTIAL CAMEL, escrita convxuntamente polo veterano director Yuriy Feting e a guionista Elzyata Mandzhiyeva, filla de Nimgr Mandzhiev, un dos pioneiros da literatura na afastada República de Kalmukia, a única rexión budista en Europa. Rodada no deserto de Gobi, presenta a unha familia de nómades da etnia dos calmucos, illados na estepa rusa. Coñeceremos os seus rituais e a relación que os habitantes das estepas establecen cos seus animais.

THANK YOU FOR THE RAIN, a realizadora e o agricultor, norte e sur nunha mesma loita pola xustiza climática. Dende hai cinco anos o agricultor kenyano Kisilu Musya, comeza a documentar a súa familia, a súa vila, e o impacto que o cambio climático está tendo sobre eles. Ten gravadas inundacións, secas e tormentas, iniciando un movemento comunal de agricultores co que chama á acción.

GAAV, filme prohibido durante máis dun ano polo Ministerio de Cultura e Artes Iraniano, aínda que foi un dos primeiros filmes en Irán en acadar fondos estatais. É a adaptación dunha historia curta da famosa figura literaria iraniana Gholamhossein Saed. Reflicte a loucura dun campesiño tras a perda da súa vaca.

ABRIL
02
Luns ás 20:30h

KINI ET ADAMS
(KINI E ADAMS) de IDRISSE OUEDRAOGO
BURKINA FASSO 1997; 97' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||

Dirección: Idrissa Ouedraogo

Ficha artística

|||||

Vusi Kunene

Guión: Idrissa Ouedraogo,

David Mohloki

Santiago Amigorena e Olivier Lorelle

Nthati Moshesh

Música: Wally Badarou

John Kani

Fotografía: Jean-Paul Meurisse

PREMIO DO XURADO AO MELLOR DIRECTOR, NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE BERMUDA, 1998

SINOPSE

Nalgún lugar do sur de África dous amigos soñan con ter unha vida mellor, lonxe da aldea. Intentan arranxar un vello coche con pezas soltas, pero todos se mofan deles. Pouco a pouco, os primeiros ímpetos van perdendo forza.

IDRISSA OUEDRAOGO

Director, guionista e produtor nado en Ouagadougou (Burkina Fasso) en 1954. Ingresa no Instituto de Estudos Cinematográficos Africanos na súa vila natal e logo marcha ao IDHEC, de París, coa intención de profundar nos coñecementos técnicos adquiridos. Aínda que experimenta cos diversos xéneros e formas narrativas, o motivo central do seu traballo soe ser o concepto da viaxe, ben sexa física ou metafórica. A estética preciosista dos seus filmes, así como a nostalxia e o exotismo co que amosa África, teñen acadado acendida polémica entre os puristas, que cualifican a súa ollada de “europea,” e os que defenden o interese de que se faga o tránsito dunha cinematografía “miserabilista” a outra na que se busca a máxima perfección en imaxe e son. É grazas a isto que o seu traballo concursa nos melhores festivais internacionais con extraordinario éxito e remata convertido en obra de culto.

Entre os seus traballos destacamos: *Yaaba* (1989), *Tilai* (1990), *Samba Traore* (1991), *Le Cri de Couer* (1992), *Kato kato* (2006). *Rien ne se jette* (2010), unha curtametraxe documental foi o seu derradeiro traballo.

Morreu o pasado febreiro na súa cidade natal.

**ABRIL
09
Luns ás 20:30h**

**NEBESNYY VERBLYUD
(CELESTIAL CAMEL) de YURIY FETING
RUSIA 2015; 90' V.O.S.C.**

Ficha técnica

|||||
Dirección: Yuriy Feting
Guión: Yuriy Feting e
Elzyata Mandzhieva
Música: Maksim Koshevarov
Fotografía: Anton Zhabin

Ficha artística

|||||
Mikhail Gasanov
Viktor Sukhorukov
Petr Novikov
Irina Hurgunova

PREMIO Á MELLOR FOTOGRAFÍA E Á MELLOR PRODUCIÓN NO A-FESTFILM ROZFA 2016
PREMIO DO XURADO E MENCIÓN ESPECIAL AO PRODUTOR NO AJYAL YOUTH FILM FESTIVAL 2016
MELLOR FILME INFANTIL E MELLOR PRODUCIÓN NO KINOSHOK – OPEN CIS AND BALTIK FILM FESTIVAL 2015
PREMIO AO MELLOR FILME INFANTIL, AO MELLOR DIRECTOR E Á PRODUCIÓN NO NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE OLYMPIA PARA A INFANCIA E MOCIDADE 2016
PREMIO MELLOR FILME INFANTIL E MELLOR PRODUCIÓN NO RADIANT ANGEL 2016
PREMIO SIFFCY (SORISO INTERNACIONAL FILM FESTIVAL PARA INFANCIA E MOCIDADE) 2015
PREMIO MELLOR FILME, MELLOR DIRECTOR E MELLOR PRODUCIÓN NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INFANTIL NA INDIA 2015

SINOPSE

Nas estepas do Volga en Rusia, os Kamulkos creñen que o nacemento dun camelo albino é signo de boa sorte. Ao chegar a cría, é vendida polo patriarca para poder afrontar economicamente o nacemento do seu novo fillo. A nai tamén foxe na súa busca, o que provoca un desastre para a familia. O fillo máis vello emprende unha viaxe pola estepa na súa motocicleta para tratar de atopala.

YURIY FETING

Director e guionista nado en 1956 en Rusia. Iniciouse como realizador no ano 1997 con *Ulitsy razbitykh fonarey* unha serie para a televisión. Debuta na longametraxe con *Rozhdestvenskaya misteriya* (2000). Logo viñeron *Mify moego detstva* (2005) e *Bibinur* (2009).

Este é o seu último traballo.

ABRIL
16
Luns ás 20:30h

**THANK YOU FOR THE RAIN
(GRAZAS POLA CHOIVA) de JULIA DAHR
NORUEGA 2017; 90' V.O.S.C.**

Ficha técnica

|||||

Dirección: Julia Dahr

Música: Christopher White

Fotografía: Julie Lunde Lillesæter

Montaxe: Adam Thomas

Ficha artística

|||||

DOCUMENTAL

PREMIO PANGOLIN POWER, ECOFILMFEST SGEFF - SINGAPUR, 2017

PREMIO OSIRIS FAO, AGROFILM INTERNATIONAL FILM FEST - ESLOVAQUIA, 2017

PREMIO DO XURADO, ANOTHER WAY FILM FESTIVAL - ESPAÑA, 2017

PREMIO FETHI KAYAALP, BIFED - TURQUÍA, 2017

PREMIO MELLOR DOCUMENTAL FICMEC - ESPAÑA, 2017

SINOPSE

Un agricultor keniano documenta o día a día da súa familia e dos efectos catastróficos do cambio climático. Os custes humanos e materiais destes efectos, as migracións obrigadas para a poboación, etc. É a historia cativadora e inspiradora dun optimista infatigable, que pon a proba os seus límites contra toda adversidade na súa loita por un mundo máis responsable.

JULIA DAHR

Directora, guionista e produtora norueguesa.

Apasionada polas historias de acción sobre temas sociais e ambientais. No 2015 acada o premio *One World Media*. Tamén foi nomeada ao premio *Grierson* e foi catalogada pola revista *Forbes* como unha das trinta mellores directoras mozas que "conduce e define o rumbo dos medios a no ámbito mundial".

Este filme supón o seu debut na longametraxe. É tamén o seu último traballo.

ABRIL
23
Luns ás 20:30h

GAAV
(A VACA) de DARIUSH MEHRJU
IRÁN 1967; 105' V.O.S.C.

Ficha técnica

Ficha artística

Dirección e guión: Dariush Mehrjui

Ezzatolah Entezami

Música: Hormoz Farhat

Ali Nassirian

Fotografía: Fereydon Ghovanlou

Jamshid Mashayekhi

Khosrow Shoja zadeh

PREMIO FIPRESCI NO FESTIVAL DE VENECIA, 1971

PREMIO AO MELLOR ACTOR EZZATOLAH ENTEZAMI, NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE CHICAGO 1971

PREMIO OCIC NO FESTIVAL DE BERLIN, 1972

SINOPSE

Baseada na novela do escritor iraniano Gholam-Hossein Saedi.

Nunha illada vila iraniana, o propietario dunha vaca descobre, á volta dunha viaxe de negocios, que a vaca está desaparecida. En realidade está morta, pero os demais veciños non se atreven a contar a verdade, xa que a súa identidade e posición social dependen da vaca. El está obsesionado con atopala.

DARIUSH MEHRJU

Director, guionista e produtor nado en Teherán no 1939. Debuta na longametraxe no 1966 con *Diamond 33*, unha parodia da serie de películas de *James Bond*. En 1970 dirixe *Postchi*, coa que se confronta aos mesmos problemas de censura que *Gaav*, aínda que acada a súa estrea no 1972, obtendo tamén numerosos premios e prestixio internacional. Algúns críticos comparan o seu cine cos filmes de Roberto Rosselini, Vittorio De Sica e Satyajit Ray. Un tema constante no seu traballo é a atención aos descontentos do Irán contemporáneo, principalmente urbano. O seu filme *The Pear Tree* (1999), ten sido aclamado como unha reflexión fundamental sobre a burguesía iraniana. Membro da Academia Iraniana das Artes. Foi membro fundador do movemento da *Nova Vaga Iraniana* de principios dos anos setenta. Esta é a súa segunda longametraxe; é considerada o primeiro filme deste movemento, que tamén inclúe a Masoud Kimiay e Nasser Taqvai. Filme prohibido durante máis dun ano polo Ministerio de Cultura e Artes iraniano.

A maior parte da súa obra está inspirada na literatura. Fai adaptacións de novelas e obras teatrais iranianas e de fóra. Outros dos seus traballos: *Che khoobe ke bargashti* (2013), *Ashbah* (2014). *Mona* é o seu último filme.

ABRIL
30
Luns ás 20:30h

FILME SORPRESA

Filmes de rigorosa estrea que están a formar parte da programación dos melhores festivais de cine do mundo. Se unha vez iniciada a proxección alguén decide saír, poderá facelo durante os primeiros 15 minutos e devolveráselle o importe da cota pagada.

COLABORACIÓNS

- * Na nosa colaboración coa Alianza Francesa, o filme deste mes é ***Good Luck Algeria*** de Farid Ben Toumi (2016). A proxección será o vindeiro **xoves 5 de abril**, ás 20:30h, no Auditorio Municipal de Vigo. A entrada é de balde até completar aforamento.
- * Grazas ao acordo coa libraría LIBROURO (rúa Eduardo Iglesias, n.º 12), todas as persoas asociadas terán un desconto do 5% nas compras logo da presentación do carné.
- * Todas as persoas asociadas que dispoñan de correo electrónico poderán solicitar o envío da programación.
- * Non se permitirá o acceso ao auditorio unha vez comezada a proxección.
- * O uso do teléfono móvil na sala co filme iniciado será motivo de expulsión da mesma sen reintegro dos cartos da cota pagada.

CINECLUBE LUMIÈRE
DE VIGO
Rúa Doutor Cadaval 33, 4.º A - 36202 Vigo -
<http://www.lumierevigo.com>
info@lumierevigo.com

PREZOS

Cota anual soci@:	18 euros
Cota filme soci@:	4 euros
Bono Lumière 5 filmes:	15 euros (só soci@s)
Cota filme colaborador@:	5 euros
PARAD@S, con carné:	4 euros